

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por medio dos seus integrantes **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Eva Solla Fernández, Antón Sánchez García e Juan Manuel Fajardo Recouso**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión, sobre a necesidade de que a Consellería de Educación convoque prazas para profesorado de secundaria con especialidade de lingua portuguesa na oferta de emprego público do ano 2016.**

Exposición de motivos

A inicios desta semana tivo lugar a Mesa Sectorial de Educación e nela a Consellería de Educación presentou aos membros da Mesa a oferta de emprego público a cubrir mediante oposicións neste ano 2016. Unha das sorpresas da oferta realizada vén dada pola inexistencia entre as 478 prazas que se ofertan (382 na modalidade libre e para persoas con discapacidade e 96 na de adquisición de especialidade) de prazas para profesorado de secundaria con especialidade de lingua portuguesa.

Esta ausencia provocou a inmediata reacción unánime dos diferentes sindicatos do ensino que entregaron o venres 15 de xaneiro no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia un escrito en que se solicita que a Consellería de Educación non dea por pechada esta oferta de emprego público, reconsidere a súa proposta e convoque as prazas pertinentes para profesorado con especialidade de lingua portuguesa.

A ausencia da lingua portuguesa nesta convocatoria semella confirmar as dúbidas de AGE no tocante ao desexo do PP e do executivo galego de cumprir coas decisións que emanan do legislativo, xa que a Lei Valentín Paz-Andrade contén a necesidade de que a Xunta de Galicia se comprometa coa promoción da lingua portuguesa no ensino público de Galicia.

Cómpre, xa que logo, que o executivo acate as decisións que emanan da vontade do legislativo e que cumpra coa súa obriga e acepte as reivindicacións realizadas polos sindicatos do ensino.

Por todo o exposto, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Cumprir cos compromisos adquiridos coa aprobación da Lei Valentín Paz-Andrade.
2. Convocar prazas para profesorado de secundaria na especialidade de portugués na oferta de emprego público definitiva para o ano 2016.
3. Establecer unha listaxe de substitucións propia co requisito da titulación e especialidade que a lexislación actual establece.

En Compostela, a 15 de xaneiro do 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recousó



Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 15/01/2016 13:37:32

Ramón Vázquez Díaz na data 15/01/2016 13:37:39

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/01/2016 13:38:31

Eva Solla Fernández na data 15/01/2016 13:38:33

Anton Sánchez García na data 15/01/2016 13:38:37

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 15/01/2016 13:38:39